

**Resolución convunta do 17 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se convoca o programa educativo “Que non te lién, ti elixes” dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25**

Na redacción da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e nas modificacións que desta efectúa a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, saliéntase a coeducación e a igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes como ámbitos prioritarios na formación do alumnado de todos os niveis educativos, e forman parte asemade dos principios fundamentais que presiden estas disposicións normativas.

A equidade constitúe outro dos principios nos que se inspira a educación, e debe ser entendida neste sentido, como un dos piares que garanten a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade, a inclusión educativa e a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes; e xunto coa transmisión de valores favorecedores de calquera forma de discriminación, configuran o marco conceptual básico e necesario para desenvolver este programa.

No contexto dos obxectivos definidos para a educación secundaria obligatoria establecidos na Lei Orgánica 2/2006, consta a súa contribución ao desenvolvemento das capacidades do alumnado que lles permitan, entre outros, valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades e a rexeitaren os estereotipos que supoñan unha discriminación entre homes e mulleres. Tamén en referencia aos principios xerais desta etapa educativa, dispone que na orientación educativa e profesional do alumnado incluirase a perspectiva de xénero.

As ensinanzas de formación profesional do sistema educativo persegueun que o alumnado acade, entre outros obxectivos, “o desenvolvemento dunha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social”.

En relación co expresado anteriormente no referido á coeducación, ao rexeitamento dos estereotipos, á equidade, á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e á orientación profesional e vocacional, cómpre salientar que o impulso do incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, artes e matemáticas, así como nas ensinanzas de formación profesional con menor demanda feminina, constitúe unha das actuacións prioritarias no ámbito do fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes recollidas na Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro.



A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 recolle como un dos principios que a sustentan, a coeducación como estilo educativo, que significa educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.

Na propia Estratexia, a liña de impacto 7 que corresponde ao Plan de coeducación, no desenvolvemento das actuacións específicas do seu obxectivo 4: contribuír á desaparición da fenda de xénero no ámbito laboral a través da formación profesional, perséguense por unha banda, a análise dos estereotipos de xénero no alumnado de formación profesional, e por outra banda, a difusión de boas prácticas educativas que fomenten a igualdade e reduzan os estereotipos de xénero na formación profesional.

O programa educativo "Que non te líen, ti elixes" impulsado polas Consellerías de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e de Emprego, Comercio e Emigración, pretende o desenvolvemento de actuacións que favorezan unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións con pouca representación feminina entre as alumnas da etapa educativa da ESO.

De acordo co anteriormente exposto ambas as direccións xerais

## RESOLVEN

### **Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten como obxecto regular o programa "Que non te líen, ti elixes" e establecer as bases de participación dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso escolar 2024/25.

### **Segundo. Obxectivo xeral**

Favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres.

### **Terceiro. Obxectivos específicos**

- Estimular o espírito crítico na identificación de estereotipos sexistas asociados a determinadas profesións masculinizadas.



- Ofrecer respuestas baseadas na lóxica e na investigación científica sobre a cuestión de como os estereotipos deciden por nós.
- Contrastar as condicións laborais derivadas dos diferentes ámbitos e sectores profesionais.
- Pór en común datos sobre a representación feminina nos ciclos de FP e profesións masculinizadas.
- Nomear mulleres referentes de éxito en ámbitos profesionais con reducida presenza feminina.

#### **Cuarto. Alumnado destinatario**

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obligatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

#### **Quinto. Actividades do programa**

O programa desenvolverase a través de charlas didácticas e debates dirixidos por persoal proveniente das asociacións, fundacións e clusters de sectores caracterizados pola escasa representatividade feminina: construcción, madeira, tic, metal e do mar.

Os contidos do programa presentaranse en soporte informático e estarán organizados e estruturados de forma que estimulen a reflexión e a participación de todo alumnado. Cada sesión terá unha duración de 1 hora aproximadamente.

#### **Sexto. Proceso e prazo de solicitude**

As solicitudes enviaranse ao endereço electrónico orientacion.vocacional@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitude *"Que non te líen, ti elixes"*.

O prazo de envío de solicitudes comenzará o día seguinte da publicación desta Resolución en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o día 1 de outubro de 2024 (incluído).

#### **Sétimo. Selección dos centros**

Os centros seleccionaranse atendendo á puntuación obtida segundo os criterios que se especifican e ordenaranse de maior a menor puntuación ata completar as 100 prazas ofertadas. Nun mesmo centro poderán participar ata 5 grupos (un grupo por charla).

##### a) Número de alumnado matriculado convuntamente en 3º e 4º da ESO

- 150 ou máis alumnos/as: 6 puntos.
- Entre 90 e 150 alumnos/as: 4 puntos.



- Menos de 90 alumnos/as: 2 punto.

b) Número de mulleres matriculadas nos cursos especificados.

- 60% ou máis de mulleres matriculadas respecto do total: 3 puntos.
- Menos de 60% de mulleres matriculadas respecto do total: 2 puntos.

c) Centros situados en concellos rurais

- Concellos de ata 3000 habitantes: 4 puntos.
- Concellos de entre 3001 e 5000 habitantes: 3 puntos.
- Concellos entre 5001 e 10000 habitantes: 2 puntos.
- Concellos de entre 10001 e 20000 habitantes: 1 punto.

d) Participación en convocatorias anteriores

- Centros que non participaron en ningunha das convocatorias anteriores: 3 puntos.
- Centros que participaron en unha das convocatorias anteriores: 2 puntos.
- Centros que participaron nas dúas convocatorias anteriores: 1 punto.

Os datos referidos ao número de alumnado matriculado e a porcentaxe de mulleres matriculadas extraeranse da base de datos XADE.

Os empates resloveranse pola orde de entrada da solicitude no enderezo de correo electrónico especificado, de xeito que terán prioridade os centros que achegaran antes a solicitude.

## Oitavo. Comisión de selección

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.
2. A comisión estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, e dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha delas realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoradas poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.



## **Noveno. Calendario**

As actividades desenvolveranse durante o primeiro trimestre do curso 2024/25, concretándose as datas e horarios entre os departamentos de orientación dos centros educativos e o persoal proveniente das asociacións, fundacións e clusters de sectores caracterizados pola escasa representatividade feminina.

## **Décimo. Resolución**

Unha vez rematado o proceso de selección publicarase a resolución definitiva no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

## **Décimo primeiro. Información Básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público o uno exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de



forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darréle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

No caso de existir diferentes referenciais normativos en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Pablo Fernández López

Directora xeral de Ordenación  
e Innovación Educativa

Secretario Xeral de Emprego  
e Relacións Laborais

